


Obxectivo: Recuperar o río Sar





1. Pola recuperación do río Sar.

(Proposta de pronunciamento do PSdeG)

2. A veciñanza do Sar pagamos o canon como todos, pero non vemos melloras no Río.

(Proposta de moción nos concellos do Sar)

3. O estado da cuestión: síntese da documentación.

(Competencias, proxectos, medidas, etc.)

**Agrupacións Socialistas de:
Ames, Brión, Dodro, Padrón, Pontecesures, Rois e Santiago**

1. O Sar, un río de referencia en Galicia, en estado de forte degradación.

Os veciños e veciñas de Santiago, Ames, Brión, Rois, Padrón, Dodro ou Pontecesures sabemos ben cal é o estado ecolóxico das augas do río Sar, pola súa contaminación ben visible, o seu aspecto e o seu cheiro. O Plan Hidrolóxico Galicia Costa vixente (PHGC2015-21) confirma o que toda a veciñanza da conca sabemos e califica o estado das augas do Sar como *“peor que bo”*, como resultado dun *“estado ecolóxico deficiente”* por incumprimento en boa parte dos parámetros de referencia como macro invertebrados, DB05, fósforo total, fosfatos, amonio; e, por superar os límites en determinadas sustancias preferentes (Cobre, Benzo, Pireno, Perileno, Indeno)

A presión das augas residuais está identificada como a principal causa da contaminación e degradación do Sar, polo que as primeiras medidas para unha recuperación do seu bo estado ecolóxico e químico pasan necesariamente por resolver as deficiencias nos sistemas de depuración. A Directiva Marco da Auga e demais normativa en materia de augas establece os obxectivos medioambientais, instrumentos e prazos para recuperar un estado aceptable dos sistemas acuáticos, e polo tanto para a recuperación do Río Sar.

A planificación hidrolóxica concreta obxectivos e medidas para dar cumprimento á Directiva Marco da Auga. **O Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2009-2015 xa marcaba como obxectivo lograr un bo estado ecolóxico das augas do río Sar para 2015 e fixaba as medidas necesarias para conseguilo: unha nova EDAR en Santiago e ampliación da EDAR de Bertamiráns. Estas medidas non se levaron a cabo, polo que o deterioro do Sar foise agravando.**

2. Competencias e responsabilidades delimitadas.

A Xunta é a administración competente na protección do estado das augas, e como tal correspóndelle *“a planificación e a adopción de medidas e instrumentos específicos de xestión e protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres vinculados á auga”* (Artigo 4 da Lei 9/2010 de Augas Galicia)

En base a esta competencia exclusiva, o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2015-2021, aprobado por RD 11/2016 e publicado no D.O.G. do 18 de febreiro de 2016, recolle de novo os obxectivos medioambientais para a recuperación do Río Sar; no Programa de Medidas (PdM) do Plan figuran expresamente a EDAR de Santiago (Código ES014.02.0009.01) e a EDAR de Bertamiráns (Código ES014.02.0014.01), as dúas actuacións transferidas dende o período 2009-2015, no que foran incluídas e non executadas.

A EDAR de Santiago é competencia do Estado, en base á súa declaración de interese xeral no Plan Hidrolóxico Nacional. A elaboración e tramitación do proxecto foi abordada xa no 2007 e incorporada ao Programa Operativo FEDER 2007-2013 para o seu financiamento. Polos retrasos na súa execución e para seguir optando aos fondos comunitarios, a actuación foi re-programada para o período 2014-2020.

Pola súa parte, a EDAR de Bertamiráns entra de cheo nas competencias de Augas de Galicia en base ao Plan de Saneamento e ao Artigo 32 da Lei 9/2010 que *“declara de interese da Comunidade Autónoma de Galicia o servizo de depuración de augas residuais urbanas, cuxo ámbito material comprende a regulación, a planificación, a aprobación definitiva de proxectos, a construción e a xestión, a explotación e o mantemento das estacións depuradoras de augas residuais ...”* En coherencia coas competencias, Augas de Galicia inicia no ano 2014 os trámites do Proxecto de ampliación da EDAR de Bertamiráns, e en xaneiro de 2015 o órgano competente emite o Informe de Impacto Ambiental. De acordo coa Lei de Augas de Galicia e o Plan de Saneamento, as competencias dos concellos en materia de depuración queden limitadas ás redes de sumidoiros e tratamento das augas residuais en núcleos illados, de menos de 2000 habitantes equivalentes, sen prexuízo da explotación das EDARs en tanto a xestión non sexa asumida por Augas de Galicia.

3. O Canon da Auga como recurso.

A Lei 9/2010 de Augas de Galicia establece o criterio de financiamento das infraestruturas de depuración: *“As obras e actuacións declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia financiaranse con cargo aos seus orzamentos sen prexuízo dos convenios que poidan celebrarse con outras AAPP”*

Augas de Galicia conta cun recurso finalista, o Canon da auga. Os ingresos do Canon está afectados sobre todo a:

- 1) Prevención en orixe da contaminación.
- 2) Consecución dos obxectivos medioambientais fixados na planificación hidrolóxica.
- 3) Gastos de investimento das infraestruturas necesarias.
- 4) Apoio económico ás administracións que dentro da Comunidade Autónoma de Galicia exerzan competencias no ámbito do ciclo urbano da auga.

As previsións de ingresos polo Canon da auga para 2018 ascenden a 52 Millóns de euros en Galicia. Unha parte importante desta cantidade é soportada polos veciños e establecementos da industria, comercio e servizos asentados na conca do Río Sar, dos concellos de Santiago, Ames, Brión, Rois, Padrón, Dodro e Pontecesures. A falta de datos mais precisos, estímase que esta aportación se sitúa arredor do 10% do total, o que equivale a uns 5-6 millóns de euros ao ano.

A pesar dos ingresos que recaen sobre os veciños do Sar, os investimentos de Augas de Galicia na recuperación do Río son practicamente nulos.

4. Conclusión.

Metidos de cheo no ano 2018, as actuacións clave para a recuperación do Sar non avanza, a degradación do Río agrávase e esgótase o tempo para unha solución acorde cos prazos previstos na lexislación e planificación vixente. En consecuencia, convencidos da urxencia de que se acometan as medidas necesarias para acadar os obxectivos medioambientais de recuperación do río Sar, as agrupacións socialistas de Santiago, Ames, Brión, Rois, Padrón, Dodro e Pontecesures,

Por todo o exposto os membros do PsdeG-PSOE manifestamos:

- A preocupación, malestar e rechazo dos veciños polo estado de grave deterioro ecolóxico do Río Sar.
- Denunciamos a falta de investimentos en medidas e infraestruturas que permitan a redución da contaminación das augas e unha recuperación medioambiental do Río Sar.
- Esiximos que os investimentos na mellora do Río Sar sexan acordados cos ingresos por Canon da auga que soportamos os veciños dos concellos afectados.
- Pedimos compromisos concretos, con orzamentos e prazos das medidas previstas no Plan Hidrolóxico Galicia Costa que afecten á conca do Sar.
- Solicitamos información sobre a situación dos dous grandes proxectos necesarios para unha recuperación real e efectiva do estado ecolóxico do Sar:

- A nova EDAR en Santiago, declarada de interese xeral e polo tanto competencia do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente
- A ampliación da EDAR de Bertamiráns, obra de interese da Comunidade Autónoma de Galicia, e polo tanto competencia de Augas de Galicia.

Nas ribeiras do Sar, marzo de 2018

Concello de _____

Exposición de motivos:

1. O Río Sar, un cauce de referencia en estado de forte degradación.

Os veciños de Santiago, Ames, Brión, Rois, Padrón, Dodro ou Pontecesures sabemos ben cal é o estado ecolóxico das augas do río Sar, pola súa contaminación ben visible, o seu aspecto e o seu cheiro. O Plan Hidrolóxico Galicia Costa vixente (PHGC2015-21) confirma o que tódolos veciños da conca sabemos e califica o estado das augas do Sar como “peor que bo”, como resultado dun “estado ecolóxico deficiente” por incumprimento en boa parte dos parámetros de referencia como macro invertebrados, DBO5, fósforo total, fosfatos, amonio, e por superar os límites en determinadas sustancias preferentes (Cobre, Benzo, Pireno, Perileno, Indeno)

A presión das augas residuais está identificada como a principal causa da contaminación e degradación do Sar, polo que as primeiras medidas para unha recuperación do seu bo estado ecolóxico e químico pasan necesariamente por resolver as deficiencias nos sistemas de depuración. A Directiva Marco da Auga e demais normativa en materia de augas establece os obxectivos medioambientais, instrumentos e prazos para recuperar un estado aceptable dos sistemas acuáticos, e polo tanto para a recuperación do Río Sar.

A planificación hidrolóxica concreta obxectivos e medidas para dar cumprimento á Directiva Marco da Auga. O Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2009-2015 xa marcaba como obxectivo lograr un bo estado ecolóxico das augas do Río Sar para 2015 e establecía as medidas necesarias para conseguilo: unha nova EDAR en Santiago e ampliación da EDAR de Bertamiráns. Estas medidas non se levaron a cabo, polo que o deterioro do Sar foise agravando.

2. Competencias e responsabilidades delimitadas

A Xunta é a administración competente na protección do estado das augas, e como tal correspóndelle “a planificación e a adopción de medidas e instrumentos específicos de xestión e protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres vinculados á auga” (Artigo 4 da Lei 9/2010 de Augas Galicia)

En base a esta competencia exclusiva, o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2015-21, aprobado por RD 11/2016 e publicado no D.O.G. do 18 de febreiro de 2016, recolle de novo os obxectivos medioambientais para a recuperación do Río Sar; no Programa de Medidas (PdM) do Plan figuran expresamente a EDAR de Santiago (Código ES014.02.0009.01) e a EDAR de Bertamiráns (Código ES014.02.0014.01), as dúas actuacións transferidas dende o período 2009-2015, no que foran incluídas e non executadas.

A EDAR de Santiago é competencia do Estado, en base á súa declaración de interese xeral no Plan Hidrolóxico Nacional. A elaboración e tramitación do proxecto foi abordada xa no 2007 e incorporada ó Programa Operativo FEDER 2007-2013 para o seu financiamento. Polos retrasos na súa execución e para seguir optando ós fondos comunitarios, a actuación foi re-programada para o período 2014-2020.

Pola súa parte, a EDAR de Bertamiráns entra de cheo nas competencias de Augas de Galicia en base ó Plan de Saneamento e ó Artigo 32 da Lei 9/2010 que “declara de interese da Comunidade Autónoma de Galicia o servizo de depuración de augas residuais urbanas, cuxo ámbito material comprende a regulación, a planificación, a aprobación definitiva de proxectos, a construción e a xestión, a explotación e o mantemento das estacións depuradoras de augas residuais...” En coherencia coas competencias, Augas de Galicia inicia no ano 2014 os trámites do Proxecto de ampliación da EDAR de Bertamiráns, e en xaneiro de 2015 o órgano competente emite o Informe de Impacto Ambiental.

De acordo coa Lei de Augas de Galicia e o Plan de Saneamento, as competencias dos concellos en materia de

depuración queden limitadas ás redes de sumidoiros e tratamento das augas residuais en núcleos illados, de menos de 2000 habitantes equivalentes, sen prexuízo da explotación das EDARs en tanto a xestión non sexa asumida por Augas de Galicia.

3. O Canon da Auga como recurso

A Lei 9/2010 de Augas de Galicia establece o criterio de financiamento das infraestruturas de depuración: “As obras e actuacións declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia financiaranse con cargo aos seus orzamentos sen prexuízo dos convenios que poidan celebrarse con outras AAPP”

Augas de Galicia conta cun recurso finalista, o Canon da auga. Os ingresos do Canon está afectados sobre todo a: 1) prevención en orixe da contaminación, 2) consecución dos obxectivos medioambientais fixados na planificación hidrolóxica, 3) gastos de investimento das infraestruturas necesarias, 3) apoio económico ás administracións que dentro da Comunidade Autónoma de Galicia exerzan competencias no ámbito do ciclo urbano da auga. As previsións de ingresos polo Canon da auga para 2018 ascenden a 52 Millóns de euros en Galicia. Unha parte importante desta cantidade é soportada polos veciños e establecementos da industria, comercio e servizos asentados na conca do Río Sar, dos concellos de Santiago, Ames, Brión, Rois, Padrón, Dodro e Pontecesures. A falta de datos mais precisos, estímase que esta aportación se sitúa arredor do 10% do total, o que equivale a uns 5-6 millóns de euros ó ano.

A pesar dos ingresos que recaen sobre os veciños do Sar, os investimentos de Augas de Galicia na recuperación do Río son practicamente nulos.

4. Conclusión

Metidos de cheo no ano 2018, as actuacións clave para a recuperación do Sar non avanza, a degradación do Río agrávase e esgótase o tempo para unha solución acorde cos prazos previstos na lexislación e planificación vixente. En consecuencia, convencidos da urxencia de acometer as medidas necesarias para acadar os obxectivos medioambientais de recuperación do río Sar, sometemos a seguinte moción á consideración do Pleno do Concello de _____

Instar a Augas de Galicia para que facilite a seguinte información:

— Datos detallados sobre a recadación en concepto de Canon da Auga nos concellos da conca do río Sar, desde o período 2012 ao 2017, detallado por anos, por concellos e por tipo de uso da auga (usos domésticos e asimilados, usos non domésticos e usuarios específicos)

— A relación e o importe dos investimentos efectuados no período 2012-2017 orientados á consecución dos obxectivos medioambientais do río Sar previstos no PHGC 2015-2021.

— Relación dos proxectos, calendario e orzamentos previstos para recuperar o bo estado ecolóxico do río Sar, recollido como obxectivo no Plan Hidrolóxico Galicia Costa.

— En relación coas actuacións previstas no Programa de Medidas do Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2015-2021, solicitar dos organismos competentes o estado actual e calendario de execución dos proxectos de:

- Nova EDAR en Santiago (Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente)
- Ampliación da EDAR de Bertamiráns (Augas de Galicia)

As claves:

1. O Río Sar é un cauce de referencia histórica (Compostela, Iria Flavia...) en estado de degradación
2. A Xunta é a administración responsable da protección do estado das augas
3. Os obxectivos mediomambientais no Plan Hidrolóxico para 2015, retrasados a 2021
4. O saneamento é o primeiro problema ambiental do Río Sar
5. A Xunta é a administración competente en saneamento e depuración
6. A cuestión da financiación das EDARs
7. Os ingresos de Augas: canon da auga e coeficiente de vertedura
8. Todos os veciños do Sar pagamos o canon, mentes soportamos o seu estado
9. O Proxecto de ampliación da EDAR de Bertamiráns: aprobado no 2015 e paralizado

1. O Río Sar é un cauce de referencia histórica (Compostela, Iria Flavia...) degradación

A avaliación 2013 do estado das augas no Plan Hidrolóxico Galicia Costa vixente (PHGC2015-21), recoñece un estado global das augas do Sar "peor que bo" (dende logo!). O Sar incumpe a práctica totalidade dos parámetros: macro invertebrados; DBO5; amonio, fósforo e fosfatos; cianuros; chumbo e cobre; produtos da química orgánica (octifenol, nonifenol, benzopirenos, indeno, perileno...)

Os veciños de Santiago, Ames, Brión, Rois, Padrón, Dodro ou Pontecesures sabemos ben cal é o estado ecolóxico das augas do río Sar, pola súa contaminación ben visible, polo seu aspecto e polo seu cheiro.

2. A Xunta é a administración responsable da protección do estado das augas

Corresponde á Xunta "a planificación e adopción de medidas e instrumentos específicos de xestión e protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres vinculados á auga (Artigos 4 e 7 da Lei de Augas)

3. Os obxectivos mediomambientais no Plan Hidrolóxico para 2015, retrasados a 2021

O Plan hidrolóxico 2009-2015 xa marcaba como obxectivo lograr un bo estado ecolóxico das augas do Sar para 2015, e xa vemos como está.

O novo Plan Hidrolóxico 2015-2021, aprobado por RD 11/2016 e publicado no D.O.G. do 18 de febreiro de 2016, retrasa o cumprimento dos obxectivos ao ano 2021 e plantexa as medidas necesarias para conseguilo. Entre estas medidas figura a EDAR de Santiago e a EDAR de Bertamiráns.

4. O saneamento é o primeiro problema ambiental do río Sar

O problema do Río Sar está ligado ás augas residuais pola insuficiencia da depuradora de Santiago, e, en menor medida, tamén, da depuradora de Bertamiráns.

O Programa de medidas do Plan Hidrolóxico 2009-2015 xa incluía os proxectos da EDAR de Santiago e a EDAR de Bertamiráns, dúas actuacións que terían que estar rematadas no 2015. Pero no 2015 e no 2018 as EDARs de Santiago e Bertamiráns seguen como estaban, polo que volveron a ser incluídas no novo Programa de medidas do Plan Hidrolóxico 2015-2021.

5. A Xunta é a administración competente en saneamento e depuración

Aparte da responsabilidade xeral da Xunta sobre o estado do río Sar, Augas de Galicia é a administración competente en materia de saneamento, tal como se recolle na principal normativa na materia:

- A Lei de Augas de Galicia (Lei 9/2010)
- O Regulamento de planificación (Decreto 1/2015)
- A normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2015-2021 (RD 11/2016 e Orde de 29 de xaneiro de 2016)

— **Artigos 26, 28 e 32 da Lei de Augas de Galicia (Lei 9/2010):**

Declárase de interese da Comunidade Autónoma de Galicia o servizo de depuración de augas residuais urbanas. Corresponde a Augas de Galicia a elaboración e aprobación do Plan de saneamento, a aprobación dos proxectos de obras e a súa execución, cando se trate de actuacións declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia.

Decláranse de interese da Comunidade Autónoma de Galicia as obras incluídas no Plan galego de saneamento. As obras e actuacións declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia financiaranse con cargo aos seus orzamentos sen prexuízo dos convenios que poidan celebrarse con outras AAPP (léase Estado e Admón. Local)

— **Artigo 5 do Regulamento de planificación (Decreto 1/2015)**

Os instrumentos de planificación hidrolóxica e de obras hidráulicas previstos no presente regulamento determinarán expresamente as medidas ou actuacións que se consideran de interese da Comunidade Autónoma de Galicia de entre as que se programen en dito instrumento.

Nota: Este artigo parece limitar o alcance das obras de interese da CA de Galicia a aquelas que se citen expresamente no respectivo Plan (aquí: o de saneamento ou as medidas do propio Plan Hidrolóxico). A Xunta trataría así de cubrirse ante retrasos ou insuficiencia económica para abordar todas as actuacións da súa competencia. Esta interpretación pode ter interese para o futuro, pero non parece que teña moito valor a día de hoxe por diferentes razóns que invalidarían a restrición sinalada no Artigo 5 do Regulamento de planificación: i) porque o Plan de saneamento vixente segue sendo o de 2000; ii) porque o resto normativa segue vixente (en particular o Artigo 32 da Lei 9/2010, que define as competencias en saneamento)

— **Plan Hidrolóxico 2015-2021 (RD 11/2016 e Orde 29.01.2016):**

O Plan de Medidas inclúe as actuacións nas dúas EDARs que afectan ao río Sar:

- EDAR de Bertamiráns, Ames (Código ES014.02.0014.01, cun orzamento de 5,45 M€
- Nova EDAR en Santiago e colectores do Sarela (Código ES014.02.0009.01, cun orzamento de 109 Mill de EUR, co 51% de financiamento europeo)

6. A cuestión da financiación das EDARs

As dúas EDAR que afectan ao Sar son competencia da Administración que as ten asumido na planificación en vigor:

- A EDAR de Santiago, xunto cos colectores está declarada de interese xeral no PHN (Ley 10/2001)
- A ampliación da EDAR de Bertamiráns está declarada de interese da CA de Galicia

O financiamento destas actuacións compete sobre todo aos titulares da competencia: O Estado na de Santiago, e a Xunta na de Bertamiráns) O usual é que unha parte do financiamento se cubra con aportacións complementarias, de acordo cos convenios que poidan asinarse. Non hai unha regra de que aportacións deben asumir os concellos beneficiados, e hai convenios para todo os gustos (por ex.: EDAR de Ribeira ou as melloras en Silvouta) Ademais, no financiamento entra a cuestión da explotación das EDARs e máis o principio de recuperación de costes. Pero sempre está o criterio da responsabilidade e competencia, o Estado e a Xunta.

No caso da Xunta, competente na EDAR de Bertamiráns por ser declarada de interese da CA de Galicia: “As obras e actuacións declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia financiaranse con cargo aos seus orzamentos sen prexuízo dos convenios que poidan celebrarse con outras AA.PP”

Para financiar estas obras, a Xunta conta cos ingresos do Canon da Auga. No momento en que Augas de Galicia asuma a execución do proxecto de ampliación, cabe esperar que tamén asuma a súa explotación. Nese momento Augas cobraría o coeficiente de vertedura. O ciclo da auga quedaría así separado en dous xestores: Concello (abastecemento e sumidoiros) e Augas de Galicia (depuración)

7. Os ingresos de Augas: canon da auga e coeficiente de vertedura

Augas de Galicia recada dous tipos de tributo finalista e estimacións Orzamentos 2018:

- 1) Canon da auga: 52 M€
- 2) Coeficiente de vertedura: 6 M€
- Total Canon + Coeficiente: 57 M€ (32 M€ nos orzamentos 2013)

O coeficiente de vertedura está ligado á explotación de EDARs por Augas de Galicia; son unhas 25-30 depuradoras, cun custo segundo os orzamentos 2018 de uns 18 M€ (inclúen explotación e mais concesión de obra e explotación).

O coeficiente de vertedura, que pagan os veciños dos concellos beneficiados pola explotación, debería cubrir os custes de explotación, pero só recada 6 M€, polo que a diferenza (12 M€) ten que ser cuberta polos ingresos do canon da auga, que pagamos todos. No 2018, estas son as EDAR explotadas por Augas: Camariñas, Muros, Esteiro, Porto do Son, Cedeira, Cariño, Laxe, Melide, Ponte do Porto, Ribadeo, Moraña, Baiona, zona norte da ría de Ares e zona sur da ría de Ferrol, Ortigueira, Alfoz, Nigrán, Gondomar, Arcade, Tomiño, Cambados, Vilaboa, Pobra do Caramiñal, Praceres, A Illa, Meaño, Ribadumia, Ponte Caldelas, Comboa.

8. Todos os veciños do Sar pagamos o canon, que debería financiar os investimentos necesarios

Unha parte importante dos ingresos polo canon son recadados nos concellos da conca do Sar Estimamos que arredor do 15% do canon se cobra aos veciños e veciñas de Santiago, Ames, Brión, Rois, Padrón, Dodro, Ponteceures uns 5-6 M€ anuais (que en catro anos suman entre 20 e 25 M€). A pregunta clave: como aceptar o estado contaminado do Sar cando aportamos este volume de ingresos por canon da auga?

8b.- As tarifas do canon da auga superan as tarifas de saneamento ou depuración

En Ames, para un usuario "normal", de 3 persoas na familia e un consumo de 49 m3/trimestre (16 m3/mes) , os costes ao trimestre da auga resultan:

Abastecemento	27,80 € (0,57 €/m3)	Custe medio PHGC:	0,479
Saneamento	10,26 € (0,21 €/M3)		0,223
Depuración	10,97 € (0,22 €/M3)		0,300
Canon da auga	14,65 € (0,30 €/M3)		

(Nota.- Canon saneamento Ames 2013: ingresos de 392 mil€, 15 mil abonados)

9. O proxecto de ampliación da EDAR de Bertamiráns

A ampliación da EDAR beneficia a Ames e Brión (unha aglomeración urbana recollida no Plan de saneamento). A ampliación figura no Plan Hidrolóxico Galicia Costa para executar no ciclo 2015-2021, cun orzamento de 5,4 M€. Hai un proxecto aprobado no 2014 e co Informe de Impacto Ambiental, de 14 de xaneiro de 2015, no que consta expresamente que o promotor é Augas de Galicia. Así foi anunciado no seu día, tanto polo anterior Concelleiro como polo anterior alcalde. Non hai explicación de por que se parou o expediente, pero os veciños e veciñas de Ames e Brión, e máis os do resto da conca; pagamos o canon da auga mentes soportamos o seu estado de deterioro.

Orzamentos de Augas de Galicia, Serie gris 2015:

"... o fondo FEDER destinarase, entre outras, ás seguintes actuacións máis salientables: Saneamento da ría do Burgo, saneamento na ría de Ferrol, actuacións na ría de Arousa (EDAR en Rianxo, melloras no saneamento de Vilagarcía, Vilanova, Cambados, A Illa, Padrón, Pontecesures e Valga), actuacións de mellora do río Sar (nova EDAR de O Souto, en Santiago, e ampliación da EDAR de Bertamiráns)..."

10. A EDAR de Santiago: historia dun proxecto atrancado

2001. "Mejora de los colectores generales y EDAR de Santiago",

Declarada de interese xeral no PHN (Ley 10/2001) Consecuencia: a EDAR é competencia do Estado

2009. Protocolo 02/02/2009 entre Cª Medio Ambiente e Mº Medio Ambiente

Inclúe a EDAR de Santiago como obra de interese xeral

2008. Anteproxecto de EDAR de Silvouta, redactado pola CH Miño-Sil

2009. DIA do Anteproxecto de EDAR de Santiago(BOE 29/09/2009) Ubicación en Silvouta

Opta pola ubicación en Silvouta, na marxe esquerda do Sar, descartando as opcións de Silvouta sobre a mesma planta actual e a de levala a Bertamiráns.

2010. Informe de viabilidade EDAR Silvouta, marxe esquerda. Descarta opción Bertamiráns.

Presentado recurso pola plataforma de afectados (recurso que non se vai resolver ata o 8 de outubro de 2015)

2011. Convenio Mº Medio Ambiente / ACUES para execución nova EDAR en Silvouta

2014. Declaración Impacto Ambiental (DIA) de Proxecto EDAR en O Souto (BOE 27/06/2014)

A DIA xustifica un novo emprazamento en base a que "El promotor elaboró el informe opciones de mejora y soluciones alternativas a la seleccionada (en 2010) en el que se anticipan nuevas posibles ubicaciones para la EDAR, concretamente en el lugar de O Souto, recogiendo la iniciativa municipal, que se apoyaba en la reciente consolidación de tecnologías de depuración que exigen menos ocupación de terreno que las convencionales, planteadas en el estudio de alternativas realizado por la Confederación"

Aparece así a EDAR de O Souto (un ano antes da STSX), que tamén se menciona no Convenio Augas de Galicia / ACUAES / Concello, asinado en agosto de 2014 para "melloras en Silvouta"

2015. STSX 600/2015 de 8/10/2015 pola que se estima o recurso Plataforma de afectados.

Declaracións varias de Noriega: asume a sentenza, non recorre, e acepta O Souto "para non perder os fondos para unha estrutura tan necesaria para Santiago" (sic)

2018. Aprobado o Proxecto de EDAR O Souto, Fase I (BOE 22/02/2018)

2018. O Concello de Santiago rexeita a proposta de Convenio para a EDAR de O Souto